

# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

**CURSO 2020/21**

**C.P.I. PLURILINGÜE TINO GRANDÍO**

## Contenido

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	5
2. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .....	7
OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA .....	7
3.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	9
3.2. OBXECTIVOS 1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .....	15
3.3. TEMPORALIZACIÓN 1º ESO ( É ORIENTATIVA, O PROFESOR PODE ADAPTALA SEGÚN O GRUPO DE ALUMNOS/AS) .....	16
3.4. CONTIDOS .....	17
3.5. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....	20
4. PROGRAMACIÓN DE 2º CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	42
4.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	42
4.2. OBXECTIVOS 2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	46
4.3. TEMPORALIZACIÓN 2º ESO ( é orientativa, o profesor poderá ir adaptándoa segundo o grupo de alumnos) .....	47
4.4. CONTIDOS .....	48
4.5. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....	51
5. PROGRAMACIÓN DE 3º CURSO DE ESO (MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS).....	69
5.1 CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	69
5.2. OBXECTIVOS 3º CURSO DE ESO (MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS) .....	73
5.3 TEMPORALIZACIÓN 3º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS.....	74
5.4. CONTIDOS .....	75
5.5. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....	78

6. PROGRAMACIÓN DE 3º CURSO DE ESO (MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS) .....	97
6.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	97
6.2. OBXECTIVOS 3º CURSO DE ESO (MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS) .....	101
6.3. TEMPORALIZACIÓN 3º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS.....	101
6.4. CONTIDOS .....	102
6.5. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....	105
7. PROGRAMACIÓN DE 4º CURSO DE ESO (MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS) .....	121
7.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	121
7.2. OBXECTIVOS 4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBROGATORIA (MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS) .....	125
7.3. TEMPORALIZACIÓN 4º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS .....	126
7.4. CONTIDOS .....	126
7.5 CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....	129
8. PROGRAMACIÓN DE 4º CURSO DE ESO (MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS).....	144
8.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	144
8.2. OBXECTIVOS 4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS).....	149
8.3. TEMPORALIZACIÓN 4º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS .....	150
8.4. CONTIDOS.....	151
8.5. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE. ....	154
9. METODOLOXÍA .....	168
10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	169
11. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	170
12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE .....	174

13. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES .....	178
14.-PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNO REPETIDOR .....	179
15. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL .....	180
16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	181
17. TEMAS TRANSVERSAIS .....	182
18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	183
19. PLAN LECTOR .....	183
20. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	185
21. APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN .....	187
OBSERVACIÓNS: .....	187

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

---

### MARCO LEGAL

- Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria, aprobado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e publicado no BOE o 3 de xaneiro de 2015, está enmarcado na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que á súa vez modificou o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.
- Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dítase en exercicio das competencias propias de Galicia no desenvolvemento dos aspectos básicos regulados a nivel estatal.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica.
- O Real Decreto-Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora de a calidade educativa, establece medidas que afectan ás avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
- O Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, regula as condicións para a obtención dos títulos Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel, de acordo co disposto no mencionado Real Decreto-Lei 5/2016, do 9 de decembro.
- Resolución do 20 de xullo de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autonómica de Galicia.

### CONTEXTO:

O perfil do alumnado é bastante homoxéneo, sendo a maior parte do alumnado procedente do medio rural e cunha extracción social e cultural baixa ou media baixa. Nos niveis de secundaria obrigatoria correspóndelle asistir a este centro á práctica totalidade do alumnado do Concello, algún do cal xa estudou no

mesmo durante a Educación Primaria, así como á totalidade do alumnado que provén do CEIP de Lousada. Tamén temos que sinalar a presenza dun grupo importante de alumnado que acode desde parroquias anexas dos Concellos de Portomarín e de Lugo, e algún alumnado que acode desde a cidade de Lugo. A pesar da existencia de dúas pequenas vilas no Concello, a actividade profesional da maioría dos pais e nais dos rapaces é a gandeira. Nos casos nos que non é así, a profesión dos pais e nais é fundamentalmente o pequeno comercio e industria, habendo tamén algún empregado do sector servizos.

O Departamento, durante este curso, estará formado por:

<b>Materia</b>	<b>Curso</b>	<b>Grupos</b>	<b>Profesor/a</b>
Matemáticas	1º ESO	A	Mª Jesús Andrade Expósito
Matemáticas	2º ESO	A	Cristina García Gandoy
Matemáticas Académicas	3º ESO	A	Mª Jesús Andrade Expósito
Matemáticas Aplicadas	3º ESO	B	Cristina García Gandoy
Matemáticas Académicas	4º ESO	A	Mª Jesús Andrade Expósito
Matemáticas Aplicadas	4º ESO	B	Cristina García Gandoy

## 2. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

---

### OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos, a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas do aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación

- básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
  - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
  - h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
  - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
  - l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
  - m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
  - n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
  - ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
  - o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.



### 3. PROGRAMACIÓN DE 1º CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

---

#### 3.1. CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

##### Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro das prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso de unha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de forma individual ou colectiva.

Deste xeito ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos, ...
- Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

##### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución, e sustentabilidade do benestar social esixe conductas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia de ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que sucede ao noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos, ...) nas situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### Competencia dixital (CD)

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca da información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada da información obtida a través dos medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### Aprender a aprender (CAA)

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante sítase protagonista do proceso e do resultado

da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a acadar as metas de aprendizaxe propostas e con iso, que se produza nel unha percepción de auto eficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas, ...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa-, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e nas conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis preto e mediato ao individuo coma parte dunha implicación cívica e social.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Elo significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, có fin de acadar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento de outras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais e intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos ao tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio de aquelas outras relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tano da propia comunidade como doutras comunidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Mostrar respecto cara as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

		COMPETENCIAS CLAVE						
BLOQUE CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	MAB1.1.1.	X	X					
	MAB1.2.1.		X					
	MAB1.2.2.		X					
	MAB1.2.3.		X					
	MAB1.2.4.		X		X			
	MAB1.3.1.		X					X

	MAB1.3.2.		X					
	MAB1.4.1.		X					
	MAB1.4.2.		X		X			
	MAB1.5.1.	X	X					
	MAB1.6.1.		X			X		
	MAB1.6.2.		X				X	
	MAB1.6.3.		X					
	MAB1.6.4.		X					
	MAB1.6.5.		X					
	MAB1.7.1.		X		X	X		
	MAB1.8.1.		X			X	X	
	MAB1.8.2.		X					
	MAB1.8.3.		X					
	MAB1.8.4.		X		X			X
	MAB1.8.5.		X			X	X	
	MAB1.9.1.		X				X	
	MAB1.10.1.		X		X			
	MAB1.11.1.		X	X				
	MAB1.11.2.		X					
	MAB1.11.3.		X					
	MAB1.11.4.		X					
	MAB1.11.5.		X					
	MAB1.12.1.	X		X				
	MAB1.12.2.	X						
MAB1.12.3.			X	X				
MAB1.12.4.			X		X	X		
<b>BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA</b>	MAB2.1.1.		X					
	MAB2.1.2.		X					
	MAB2.1.3.		X					
	MAB2.2.1.		X					
	MAB2.2.2.		X					
	MAB2.2.3.		X					
	MAB2.2.4.		X					
	MAB2.2.5.		X					
	MAB2.2.6.		X					
	MAB2.2.7.		X					
MAB2.2.8.		X						

	MAB2.3.1.		X					
	MAB2.4.1.		X					
	MAB2.4.2.		X					
	MAB2.5.1.		X					
	MAB2.6.1.		X					
	MAB2.6.2.		X					
	MAB2.7.1.		X					
	MAB2.7.2.		X					

<b>BLOQUE 3 GEOMETRÍA</b>	MAB3.1.1.		X					
	MAB3.1.2.		X					
	MAB3.1.3.		X					
	MAB3.1.4.		X					
	MAB3.2.1.		X					
	MAB3.2.2.		X					
	MAB3.3.1.		X					
	MAB3.3.2.		X					
	MAB3.3.3.		X					
	MAB3.4.1.		X					
<b>BLOQUE 4: FUNCIONES</b>	MAB4.1.1.		X					
	MAB4.2.1.		X					
	MAB4.3.1.		X					
	MAB4.4.1.		X					
	MAB4.4.2.		X					
	MAB4.4.3.		X					
	MAB4.4.4.		X					
<b>BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>	MAB5.1.1.		X					
	MAB5.1.2.		X					
	MAB5.1.3.		X					
	MAB5.1.4.		X					
	MAB5.1.5.		X					
	MAB5.2.1.		X					
	MAB5.2.2.		X					
	MAB5.3.1.		X					
	MAB5.3.2.		X					

	MAB5.3.3.		X					
	MAB5.4.1.		X					
	MAB5.4.2.		X					
	MAB5.4.3.		X					

### 3.2. OBXECTIVOS 1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A área de Matemáticas de 1º ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Incorporar a terminoloxía matemática á linguaxe habitual có fin de mellorar o rigor e a precisión na comunicación.
- Identificar e interpretar os elementos matemáticos presentes na información que chega do entorno (medios de comunicación, publicidade,...) analizando criticamente o papel que desempeñan.
- Incorporar os números negativos ao campo numérico coñecido, realizar operacións básicas con números fraccionarios e profundar no coñecemento das operacións con números decimais.
- Iniciar o estudo das relacións de divisibilidade e de proporcionalidade, incorporando os recursos que ofrecen á resolución de problemas aritméticos.
- Utilizar con soltura o Sistema Métrico Decimal (lonxitude, peso, capacidade e superficie)
- Iniciar ao alumnado na utilización de formas de pensamento lóxico na resolución de problemas.
- Formular conxecturas e comprobalas, na realización de pequenas investigacións.
- Utilizar estratexias de elaboración persoal para a análise de situacións concretas e a resolución de problemas.
- Organizar e relacionar informacións diversas de cara á consecución dun obxectivo ou á resolución dun problema, ben sexa no entorno das matemáticas ou da vida cotiá.
- Clasificar aqueles aspectos da realidade que permitan analizala e interpretala, utilizando sinxelas técnicas de recollida, xestión e representación de datos.
- Recoñecer a realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde distintos puntos de vista e analizada segundo diversos criterios e grados de profundidade.
- Identificar as formas e figuras planas, analizando as súas propiedades e as súas relacións xeométricas.
- Utilizar métodos de experimentación manipulativa e gráfica como medio de investigación na xeometría.
- Utilizar os recursos tecnolóxicos con sentido crítico, como axuda na aprendizaxe e nas aplicacións instrumentais das matemáticas.
- Actuar nas actividades matemáticas de acordo con modos propios de matemáticos, como a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar puntos de vista, a perseveranza na busca de solucións, o recurso á particularización, a sistematización, etc.
- Descubrir e apreciar as súas propias capacidades matemáticas para afrontar situacións nas que as necesiten.

### 3.3.TEMPORALIZACIÓN 1º ESO ( é orientativa, o profesor pode adaptala según o grupo de alumnos/as)

	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	Bloque 1, Bloque 2	Unidade 1: Números naturais. Divisibilidade	10 sesións
	Bloque 1, Bloque 2	Unidade 2: Os números enteiros	18 sesións
	Bloque1, bloque 2	Unidade 3: Potencias e raíces	8 sesións
	Bloque 1, bloque 2	Unidade 4: Os números decimais	8 sesións
	Bloque 1, bloque 2	Unidade 5: As fraccións	16 sesións
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	Bloque 1, bloque 2	Unidade 6: Operacións con fraccións	10 sesións
	Bloque 1, bloque 2	Unidade 7: Proporcionalidade e porcentaxes	15 sesións
	Bloque 1, bloque 2	Unidade 8: Álgebra	26 sesións
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	Bloque 1, bloque 3	Unidade 9: Rectas e ángulos	5 sesións



Bloque 1, bloque 3	Unidade 10: Figuras xeométricas planas	10 sesións
Bloque 1, bloque 3	Unidade 11: Áreas e perímetros	10 sesións
Bloque 1, bloque 3	Unidade 12: Xeometría no espazo	10 sesións
Bloque 1, bloque 4	Unidade 13: Gráficas de funcións	10 sesións
Bloque 1, bloque 5	Unidade 14: Estatística e probabilidade	10 sesións

### 3.4. CONTIDOS

- Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas
- Bloque 2: Números e álgebra
- Bloque 3: Xeometría
- Bloque 4: Funcións
- Bloque 5: Estatística e probabilidade

O bloque 1: "**Procesos, métodos e actitudes en matemáticas**", é un bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. . Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

## **PRIMEIRA AVALIACIÓN**

### **UNIDADE 1: DIVISIBILIDADE (Bloques 1 e 2)**

- Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.
- Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.
- Múltiplos e divisores comúns a varios números.
- Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.

### **UNIDADE 2: OS NÚMEROS ENTEIROS (Bloques 1 e 2)**

- Números negativos: significado e utilización en contextos reais.
- Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións.
- Operacións con calculadora.
- Xerarquía das operacións.
- Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

### **UNIDADE 3: POTENCIAS E RAÍCES (Bloques 1 e 2)**

- Potencias de números enteiros con expoñente natural: operacións.
- Cadrados perfectos. Raíces cadradas.
- Estimación e obtención de raíces aproximadas
- Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.
- Xerarquía das operacións.
- Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

### **UNIDADE 4: OS NÚMEROS DECIMAIS (Bloques 1 e 2)**

- Os números decimais. Ordes de unidades decimais. Equivalencias.
- Representación e ordenación
- Tipos de números decimais: exactos, periódicos, outros.
- Operacións con números decimais.
- Aproximación por redondeo.
- Resolución de problemas aritméticos con números decimais.
- Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

### **UNIDADE 5: AS FRACCIÓNS (Bloques 1 e 2)**

- Fraccións en ámbitos cotiáns.
- Fraccións equivalentes.  
Comparación de fraccións.
- Representación e ordenación.
- Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.

## **SEGUNDA AVALIACIÓN**

### **UNIDADE 6: OPERACIÓNS CON FRACCIÓNS** (Bloques 1 e 2)

- Operacións con fraccións
- Xerarquía das operacións.
- Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

### **UNIDADE 7: PROPORCIONALIDADE E PORCENTAXES** (Bloques 1 e 2)

- Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora).
- Aumentos e diminucións porcentuais.
- Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria.
- Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.
- Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais.
- Repartición directamente proporcional.

### **UNIDADE 8: ÁLXEBA** (Bloques 1 e 2)

- Iniciación á linguaxe alxébrica.
- Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica ou viceversa.
- Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.
- A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades.
- Valor numérico dunha expresión alxébrica.
- Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico).
- Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución.
- Resolución de problemas.

## **TERCEIRA AVALIACIÓN**

### **UNIDADE 9: RECTAS E ÁNGULOS** (Bloques 1 e 3)

- Elementos básicos da xeometría do plano.
- Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.
- Ángulos e as súas relacións.
- Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades
- Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.

### **UNIDADE 10: FIGURAS XEOMÉTRICAS PLANAS** (Bloques 1 e 3)

- Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.
- Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións.
- Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.

**UNIDADE 11: ÁREAS E PERÍMETROS** (Bloques 1 e 3)

- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.
- Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.

**UNIDADE 12: XEOMETRÍA NO ESPAZO** (Bloques 1 e 3)

- Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes.
- Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.
- Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.

**UNIDADE 13: GRÁFICAS DE FUNCIONS** (Bloques 1 e 4)

- Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.
- Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).
- Funcions lineais.
- Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta.
- Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.
- Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

**UNIDADE 14: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE** (Bloques 1 e 5)

- Poboación e individuo. Mostra.
- Variables estatísticas. Variables cualitativas e cuantitativas.
- Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.
- Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.
- Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.
- Medidas de tendencia central.
- Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.
- Fenómenos deterministas e aleatorios.
- Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.
- Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación o experimentación.
- Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.
- Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.
- Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.
- 

### **3.5. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.**

**BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

Este é un bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	T1	T2	T3	Grao mínimo de consecución
f h	<b>B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</b>	B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	X	X	X	Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.
e f h	<b>B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</b>  <b>B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</b>	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1 Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT	X	X	X	Analiza e comprende o enunciado dos problemas.
			MAB1.2.2 Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT	X	X	X	Valora a información dun enunciado.
			MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT	X	X	X	Realiza estimacións e conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver.
			MAB1.2.4 Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CAA	X	X	X	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
b e f g h	<b>B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</b>  <b>B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</b>	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos,	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC	X	X	X	Identifica patróns e regularidades en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.
			MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	CMCCT	X	X	X	Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables.
b e f	<b>B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación,</b>	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT	X	X	X	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución ou procurando outras formas de resolución.

	procura doutras formas de resolución, etc.							
			MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA	X	X	X	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
b f h	<b>B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</b>	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT	X	X	X	Expón o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
a b c d e f g	<b>B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</b>	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	X	X	X	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
			MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE	X	X	X	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático.
			MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	X	X	X	Usa modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
			MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	X	X	X	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
			MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	X	X	X	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos.
b e f g	<b>B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</b>	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC	X	X	X	Reflexiona sobre o proceso e valora outras opinións.
a b	<b>B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</b>	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC	X	X	X	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).

c d e f g l m n ñ o	<b>matemáticos, de xeito individual e en equipo.</b>						da crítica razoada).	
			MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	X	X	X	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
			MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT	X	X	X	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
			MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC	X	X	X	Desenvolve actitudes de curiosidade , xunto con hábitos de formularse preguntas e procurar respostas axeitadas.
			MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC	X	X	X	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	X	X	X	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas e de investigación, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia e utilidade.
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA	X	X	X	Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, valorando a eficacia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.
e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición,	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.1 Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD	X	X	X	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
			MAB1.11.2.Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT			X	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información sobre elas.
			MAB1.11.3.Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT	X	X	X	Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos
			MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos	CMCCT			X	Recrea obxectos xeométricos con

	en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.		con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.				ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar e comprender propiedades xeométricas.
			MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT			X Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións
a b e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada( de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	CD CCL	X	X	X Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada( de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
			MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	CCL	X	X	X Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
			MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	CD CAA	X	X	X Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.
			MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	CD CSC CSIEE	X	X	X Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

## PRIMEIRA AVALIACIÓN

### UNIDADE 1: DIVISIBILIDADE

#### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Identificación das relacións de divisibilidade entre números naturais. Coñecemento dos números primos.
2. Coñecemento dos criterios de divisibilidade. Descomposición de números en factores primos.
e f	<b>B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos.</b>  <b>B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.</b>	B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.	MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	CM CCT CD	Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	<b>Análise de producións dos alumnos:</b> Traballo de aplicación e síntese.

## UNIDADE 6: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Revisar os métodos da estatística e profundar na práctica de cálculo e interpretación de parámetros.
2. Coñecer as propiedades dos sucesos e as súas probabilidades.
3. Calcular probabilidades en experiencias compostas utilizando diagrama en árbore e táboas de dobre entrada.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
<b>BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>						
a c d e f g h m	<b>B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).</b>	B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	CCL CM CCT	Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
	<b>B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.</b>		MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.			
	<b>B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.</b>		MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estadísticos e parámetros estadísticos.	CM CCT	Emprega o vocabulario axeitado para interpretar táboas de datos, gráficos estadísticos e parámetros estadísticos.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
<b>B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.</b>						
	<b>B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.</b>					

	<b>B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace.</b>		MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	CM CCT	Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas sinxelas.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
b e g	<b>B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.</b>  <b>B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.</b>	B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folia de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	CM CCT	Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
			MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.	CM CCT	Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
			MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folia de cálculo.	CM CCT CD	Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folia de cálculo.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
			MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	CM CCT	Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)
b f	B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación		MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.	CM CCT	Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.	<b>Observación sistemática:</b> diario de clase (5%) <b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios (15%) <b>Probos específicos:</b> Probos obxectivas (80%)

		con técnicas de recuento como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	CM CCT	Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	<p><b>Observación sistemática:</b> diario de clase <b>(5%)</b></p> <p><b>Análise de producións dos alumnos:</b> resolución de problemas e exercicios <b>(15%)</b></p> <p><b>Probas específicas:</b> Probas obxectivas <b>(80%)</b></p>
--	--	---	---	-----------	--	--

## 9. METODOLOXÍA

---

### NO CASO DE ENSINO PRESENCIAL:

#### *Aspectos xerais.*

- Axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado.
- Partir de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.
- Potenciar a motivación do alumnado fomentando a súa participación, así como o uso dos coñecementos adquiridos en situacións reais.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.
- Uso das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.

#### *Estratexias metodolóxicas.*

- Exposición do profesor, para presentar contidos novos, poñer exemplos, etc.
- Traballo individual, para practicar o aprendido con exercicios de aplicación do contidos, de exploración, desenrolar rutinas algorítmicas.
- Traballo de investigación (individual ou en pequenos grupos), empregando diversos materiais didácticos e as TIC, para atopar relacións, resolver problemas, etc.
- Resolución de problemas en contextos reais, coa finalidade de aplicar o aprendido.
- Posta en común dos resultados para corrixir erros e consolidar o que se aprende.

#### *Secuenciación habitual de traballo na aula.*

##### 1) Motivación (ao inicio de cada unidade didáctica):

- Proposta de situacións problemáticas reais ou académicas que fagan ver a necesidade de aprender os contidos que se van desenvolver.

-

##### 2) Información do profesor/a:

- Exposición dos contidos, propiedades, teoremas, exemplos de aplicación, etc da unidade didáctica.
- Proposta de exercicios ou de problemas para realizar na clase ou na casa.

-

##### 3) Traballo persoal

- Realización de exercicios sobre o explicado na clase para afianzar algoritmos e estratexias de cálculo.
- Resolución de problemas.
- Realización de traballos individuais ou en pequenos grupos usando as TIC.
- Consulta de dúbidas.

-

##### 4) Posta en común



- Corrección por parte do alumnado dos exercicios realizados, ou dos que se propuxeron como tarefa para casa.
- Exposicións orais.
- Análise das dificultades atopadas no desenrolo do traballo realizado.

5) Proposta de exercicios de afianzamento, de reforzo ou de ampliación segundo sexan as necesidades de cada alumno/a.

### **NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL:**

Para garantir a posibilidade desta modalidade, se as circunstancias o impuxeran, pasóuselle ao alumnado, xa nos primeiros días de clase, unha enquisa na que debían reflexar se dispoñían de ordenador e conexión a internet. O obxectivo perseguido era que ningún alumno se quede descolgado no caso de que o ensino mude a telemático.

En relación ao alumnado de 1º e 2º ESO, xa teñen o seu propio ordenador de EDIXGAL e ésta sería a plataforma donde se desenvolvería o curso. Nos restantes grupos de 3º e 4º ESO, xa están a día de hoxe creados os cursos na aula virtual do centro, como así se recomendou desde a Consellería.

Nas primeiras semanas adicárase tempo a que o alumnado se familiarice con estes entornos para non atopar atrancos no caso dun posible confinamento.

Deste xeito o alumnado seguirá a materia na correspondente plataforma. Calquer dúbida poderán achegala vía e-mail e será solucionada botando man de diferentes recursos como : tutorial, enlace, breve explicación, envío de exercicios similares resoltos etc.

## **10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

---

Estes son os libros de texto que imos empregar no presente curso académico 2020/21:

Llibro de texto publicado por a Editorial Santillana que se prestará a o alumno/a

Algúns materiais de apoio que poden servir para reforzar e ampliar o estudo dos diferentes contidos da materia son:

- O caderno do alumnado, no que este realizará as actividades que se lle propoñen nos distintos epígrafes
- A calculadora: o seu uso racional e o aprendizaxe do uso dalgunhas funcións descoñecidas da mesma (dependendo do curso).
- Fontes de consulta: libros, enciclopedias, páxinas web, etc. que servirán ao alumno para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar cuestións de ampliación
- Recursos dixitais: os libros empregados na ESO dispoñen nas páxinas web correspondentes, diferentes presentacións, simulacións e actividades interactivas que constitúen un apoio eficaz para

- o estudo de cada unidade e, en moitos casos, para a ampliación de contidos. Destácase a presenza de actividades interactivas de Geogebra, Wiris, etc.
- **Material elaborado polo profesorado: esquemas, boletíns de exercicios etc que aparecerán colgados na aula virtual.**

## 11. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

---

### **Avaliación inicial.**

É obrigado unha análise dos informes individualizados do curso anterior así como a realización dunha proba fácil sobre coñecementos previos para detectar posibles carencias, e de ser o caso, aplicar as medidas de reforzo ou apoio que se estimen pertinentes.

### **Avaliación continua.**

A nota de cada avaliación virá dada pola valoración de:

- Probas escritas.
- Traballo persoal
- Observación diaria.

### **PROBAS ESCRITAS**

As que suporán un 80% da nota na avaliación.

### **TRABALLO PERSOAL**

Inclúe as tarefas que de maneira habitual os alumnos levan para a casa: exercicios, traballo individual. Este apartado suporá un 15 % na nota da avaliación.

### **OBSERVACIÓN DIARIA: ASPECTOS A VALORAR**

Valoraranse os seguintes aspectos:

Neste apartado valorarase a disposición do alumno e a destreza que amosa ao realizar os exercicios ou nas exposicións.

O peso na cualificación será dun 5 %.

## RECUPERACIÓNS

**RECUPERACIÓN DE EXAMES OU DE TODA A AVALIACIÓN:** haberá unha recuperación por cada avaliación na que os alumnos poderán recuperar as probas escritas que teña suspensas. Será antes ou despois da sesión de Avaliación (no momento que máis favoreza ao alumnado).

Se un alumno suspende, terá ao remate do curso, en Xuño, a oportunidade de recuperar aquelas avaliacións suspensas ao longo do curso .

**CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN** A nota da avaliación calcúlase despois en base aos seguintes puntos:

- As probas escritas , como se mencionou , terán un peso do 80% na nota da Avaliación. Cada proba puntuase sobre 10. A nota neste apartado farase coa media das probas feitas en dita avaliación .
- Traballo desenvolvido en clase e tarefas da casa será o 15 % da nota.
- Observación diaria será un 5 % da nota.

Polo tanto un alumno para aprobar unha avaliación terá que obter como mínimo un 5 despois de sumar os tres apartados anteriores . Sendo requisito imprescindible o seguinte:

Tódalas probas deberían superar o 3 e podendo haber só unha cualificación inferior ao 5.

## OUTRAS CUESTIÓNS

Falta de asistencia a un exame: se un alumno falta a un exame terá dereito a facer o exame noutra data que fixe o profesor nos seguintes casos:

- Enfermidade ou cita médica, con xustificante médico, que terá que entregar ao profesor o día que se reincorpore ás clases.
- Problema familiar ou persoal: os pais ou titores deberán poñerse en contacto co profesor.
- Participar en competicións deportivas ou actuacións documentalmente xustificadas polo organismo que as convoque.
- Presentación a exames oficiais, documentalmente xustificado

No caso de non presentarse a un exame e non estar a falta xustificada, a cualificación desa proba será 1, e o alumno non terá dereito a facer o exame noutra data, tendo que presentarse á recuperación.

## Avaliación final

### PROBA DE AVALIACIÓN FINAL

Poden presentarse a dita proba final:

- Os alumnos con algunha avaliación suspensa.
- Tamén se dá a oportunidade a aqueles con toda a materia suspensa de facer un exame final.

Estándares que se avalían: os desenvolvidos ao longo do curso na correspondente avaliación ou avaliacións das que se examina.

### **CÁLCULO DA NOTA FINAL**

1. Alumnos con todas as avaliacións aprobadas: a nota final é a nota media das tres avaliacións.
2. Alumnos con algunha avaliación suspensa: terán dereito a presentarse á avaliación final para recuperar ditas avaliación. No caso de acadar o 5 nas avaliacións suspensas, calcúlase a nota final como nota media das tres avaliacións.
3. No caso de quedar algunha avaliación pendente a asignatura quedará suspensa. Farase a media das tres avaliacións e no caso de que ésta sexa superior a 4 a nota final será 4.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO CON ACIs:**

No caso do **alumnado con Adaptacións Curriculares**, os criterios de avaliación serán os establecidos en cada unha das adaptacións que serán enviadas a Inspección educativa para a súa aprobación, respondendo a selección de cada un dos criterios e instrumentos de avaliación ás características e Necesidades Específicas de Apoio Educativo que presenta cada alumno/a.

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Os criterios de promoción son os fixados pola normativa vixente.

### **Avaliación Extraordinaria.**

#### **PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

O alumno en Setembro fará unha proba escrita en relación aos estándares que se desenvolveron no curso.

Deseño da proba: a proba extraordinaria poderá ter un número variable de preguntas, pero terase en conta que as tres avaliacións teñan un peso similar na puntuación.

#### **CUALIFICACIÓN**

A proba puntuarase sobre 10. Para aprobar será imprescindible acadar un 5; ademais será necesario obter puntuación en tódolos bloques de contidos que figuren na proba.



## 12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

PROGRAMACIÓN		Valoración*				Observacións á nota numérica	Propostas de mellora
		1	2	3	4		
1	A programación é consensuada e sometida a acordo.						
2	A programación contempla os recursos didácticos e humanos dispoñibles.						
3	Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.						
4	Recollo de maneira específica na miña programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais.						
5	Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.						
6	Ao comezo de cada novo traballo, proporciono ao alumnado toda a información que necesita (aspectos que imos traballar, obxectivos, actividades, competencias a desenvolver, etc.)						

\*1: Nunca, non, insatisfactoriamente.

2: Ás veces, puntualmente.

3: Case sempre, frecuentemente.

4: Sempre, si, satisfactoriamente.

A continuación incluimos uns instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente que son:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.

4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

PLANIFICACIÓN		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.					
2	Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.					
3	Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.					
4	Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.					
5	Planifico as clases de modo flexible, preparo actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
6	Establezo os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.					
7	Coordínome co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.					

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.					
2	Considero situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).					
3	Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
4	Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.					
5	Relaciono os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.					
6	Estimulo a participación activa dos estudantes na clase.					
7	Promovo a reflexión dos temas tratados.					

DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Resumo as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas.					
2	Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos; intercalo preguntas aclaratorias; poño exemplos...					
3	Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.					
4	Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.					
5	Utilizo axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.					
6	Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída cos estudantes.					
7	Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas					
8	Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.					
9	Presento actividades de grupo e individuais.					

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE		Valoración*				Propostas de mellora
		1	2	3	4	
1	Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.					
2	Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.					
3	Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
4	Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.					



5	Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					
6	Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.					
7	Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.					
8	Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
9	Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.					
10	Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.					
11	Emprego diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.					

\*1: Nunca, non, insatisfactoriamente.

2: Ás veces, puntualmente.

3: Case sempre, frecuentemente.

4: Sempre, si, satisfactoriamente

### 13. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

- Os alumnos de 2º, 3º e 4º de E.S.O. coa materia de matemáticas pendente de cursos anteriores serán responsabilidade do profesor do curso no que se atopen matriculados neste curso 2020/21. Será polo tanto dito profesor o que se encargue de facer o seguimento do seu traballo dirixido a aprobar a materia pendente o longo do curso.

#### **PROGRAMA PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE SUPERACIÓN DE CURSOS ANTERIORES**

Os membros do Departamento de Matemáticas nunha das súas primeiras reunións decidirán, tendo en conta a Programación Didáctica e a Memoria final do curso anterior, a agrupación dos contidos das materias pendentes de superar e ademais, deseñará ou revisará e adaptará se fose preciso, a fichas de exercicios para traballar ditos contidos.

No mes de outubro, en cada un dos grupos nos que haxa matriculado alumnado coas Matemáticas pendentes de superar de cursos anteriores, o profesor ou profesora correspondente informará do programa para a súa recuperación. O mesmo se fará coas datas de entrega de exercicios e de realización das probas escritas unha vez queden estas últimas determinadas.

A xefa do departamento fará un seguimento da evolución académica do alumnado con algunha materia de Matemáticas pendente de superar a partir da información que sobre a súa aprendizaxe lle proporcione o profesor ou profesora actual do alumno ou alumna.

O Departamento de Matemáticas levará a cabo as seguintes medidas para avaliar ao alumnado da ESO coa materia de Matemáticas pendente de superar de cursos anteriores:

- O departamento proporcionará ao alumnado coa materia de Matemáticas pendente de superar unha relación de exercicios que terán como obxectivo traballar os contidos conceptuais e procedementais correspondentes a cada unha das partes en que se dividirá a materia pendente. Nas reunións de departamento concretaranse que exercicios deberán ser entregados polo alumnado antes da realización de cada unha das probas parciais dentro do prazo establecido polo departamento ao seu profesor ou profesora de Matemáticas actual, quen, unha vez corrixiados, ensinarallos e comentaralle os seus erros.
- O departamento establece, ademais da convocatoria ordinaria de maio, dúas probas parciais que se realizarán en horario non lectivo nos meses de xaneiro e abril-maio, *nas datas que se determinen en colaboración coa Xefatura de Estudos*.

A materia de cada curso, dividirase en dúas partes. O alumnado cunha nota inferior a tres sobre 10 na primeira proba parcial, poderá presentarse á segunda na que lle entrará toda a materia. O alumnado cunha nota superior ou igual a tres sobre 10 na primeira proba parcial, poderá escoller entre presentarse á segunda proba parcial coa segunda parte da materia ou con toda a materia. Superarán a materia aqueles alumnos que :

- Presentándose con toda a materia na segunda proba parcial, a suma da nota deste exame e a cualificación dos boletíns de exercicios de repaso sexa igual ou superior a cinco. Os boletíns de exercicios terán unha puntuación máxima de 1'5 puntos
- Presentándose con parte da materia na segunda proba parcial e sendo a nota desta superior ou igual a 3, a suma da media das dúas probas parciais e a cualificación

dos boletíns de exercicios de repaso sexa igual ou superior a cinco. Os boletíns de exercicios terán unha puntuación máxima de 1 punto.

De non aprobar con este método temos ademáis a posibilidade de considerar, dado que se trata dunha materia de contido progresivo, o seguinte:

Se o alumno aproba as dúas primeiras avaliacións da materia de matemáticas do curso actual, aprobará a materia pendente, e a cualificación será a media aritmética das dúas cualificacións citadas. O profesor informará ó xefe de departamento sobre os alumnos que superan a materia pendente e sobre a cualificación dos mesmos.

De non superar a materia cos sistemas anteriores, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha proba final, oficial e ordinaria, que abranguerá todos os contidos da materia pendente e se realizará nunha data do mes de maio determinada polo departamento ou xefatura e estudos. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos e considerarase superada a materia pendente se a nota da proba realizada é maior ou igual que 5. A comunicación da nota correspondente ás materias pendentes realizarase no mes de xuño na sesión da avaliación final ordinaria do grupo ao que pertenza o alumnado afectado.

No caso de que a nota na proba realizada en maio sexa inferior a 5, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha proba, oficial e extraordinaria, que abranguerá todos os contidos da materia pendente e se realizará na primeira semana do mes de setembro nunha data determinada pola Xefatura de Estudos. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos e considerarase superada a materia pendente se a nota da proba realizada é maior ou igual que 5.

Se algún/ha alumno/a o ser avaliado na avaliación extraordinaria de Setembro, non ten aprobada a asignatura pendente do ano anterior, non poderá ser avaliado positivamente da mesma asignatura do curso actual

## 14.-PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNO REPETIDOR

---

### **Alumnado repetidor que superou a materia :**

Posto que xa no curso anterior alcanzou os obxectivos marcados, así como as competencias establecidas, este alumnado realizará xunto coas actividades propias do nivel educativo no que se atopa, unha serie de actividades de consolidación e ampliación das diferentes unidades didácticas. Desta forma evitaremos a falta de interese en contidos xa superados. En casos puntuais e baixo a supervisión do profes/a, este tipo de alumnado poderá prestar axuda a outros compañeiros con dificultades. Naquelas unidades didácticas nas que presente maiores dificultades ou non houbese alcanzado uns mínimos con anterioridade realizará as mesmas actividades que o resto de compañeiros de clase.

### **Alumnado repetidor que non superou a materia:**

Este alumnado, seguirá a programación establecida polo departamento para o nivel educativo onde se atope. Sen embargo, reforzase mediante a realización de actividades aqueles aspectos que non posibilitaron a superación da materia no curso anterior.

Realizarán actividades de reforzo de diferente nivel de dificultade, actividades encamiñadas a consolidar os coñecementos e competencias adquiridos, así coma actividades de ampliación no caso de que nalgún dos bloques de contidos se observe que o seu nivel de partida é maior que o requerido polo departamento para o nivel educativo que cursa.

## 15. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

---

Desde o departamento de Matemáticas consideramos que é moi aconsellable, e case que apuntaríamos obrigatorio nos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, realizar unha proba inicial, que xunto cos datos recollidos hasta a data da mesma, permita ao profesorado un mellor coñecemento do alumnado ao seu cargo e, en consecuencia, adoptar, de ser o caso a medida ou medidas máis convenientes.

**Data prevista para a súa realización:** Despois duns, aproximadamente, 7 ou máis días desde o comezo do curso escolar; ao redor da primeira semana do mes de outubro.

**Descrición do tipo de proba:** Confeccionarase unha proba de preguntas e respostas básicas que permitan obter información precisa sobre os coñecementos previos mínimos que se consideren fundamentais para afrontar o comezo do curso de que se trate. A estes efectos pódense empregar as probas que a modo de exemplo, están recollidas seguidamente.

**Consecuencias do resultado da proba:** O resultado desta proba para cada alumno en particular, xunto co recollido na observación directa do mesmo durante o período considerado desde o comezo do curso, permitirá ao profesor detectar o nivel competencial do alumno, as posibles carencias, ... e, consecuentemente, a que será a solución máis axeitada para un mellor desenvolvemento das competencias individuais do alumno. É neste momento cando se poderá decidir a inclusión do alumno nun programa de reforzo da materia en cuestión ou ben que reciba apoio por parte do profesorado especialista en PT/AL do centro en casos que así o precisen.

## 16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender á diversidade de capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación e intereses dos alumnos e alumnas da ESO, debemos ter en conta o carácter aberto e flexible do currículo e adoptar distintas metodoloxías axeitadas a cada grupo-clase así como a necesidades máis individuais de cada alumno/a, que abarcan desde diversidade na metodoloxía como diversidade nos procedementos e instrumentos de avaliación, así como medidas de reforzo ordinario onde se priorizarán os contidos mínimos e indispensables para aprobar a materia que den conta por parte do alumno/a da adquisición dos obxectivos e competencias de cada curso.

Ao comezo de curso o Departamento de Orientación e previa a avaliación inicial, informaranos das NEE existentes en cada grupo-clase e as MAD máis convenientes a implementar con cada alumno/a que as precise. Medidas que serán valoradas en sesión de avaliación inicial para a súa reflexión e acordo por parte de todo o equipo docente.

Dende o dpto de Matemáticas teremos en conta a información proporcionada polo dpto de Orientación, os resultados arroxados nas probas de avaliación inicial dos coñecementos previos que posúe cada alumno/a na materia, así como toda a información da evolución do proceso de aprendizaxe resultante de cada trimestre para ir confeccionando una visión global da evolución de cada alumno/a, para o que contaremos tamén cun rexistro persoal ao comezo, ao longo e ao final de cada unidade didáctica desenvolta e grao de adquisición dos estándares polo alumnado, que nos permitirá tamén revisar a nosa práctica docente.

Así tendo en conta toda esta información o profesorado deberá modificar as súas unidades proponendo e coordinando actividades con diferentes graos de dificultade (para reforzar e repasar ou para ampliar e profundar) de forma que se axusten ás características de cada alumno e alumna.

**AS MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE QUE IMPLEMENTAREMOS ESTE CURSO SON AS RECOLLIDAS NO DECRETO 229/2011 E QUE SE ATOPAN CONCRETADAS PARA ESTE CURSO ESCOLAR NAS SIGUIENTES:**

### **1) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS:**

#### **Adaptacións Curriculares:**

No momento de elaborar esta programación dicir que hai un alumno en 3º B con ACS e outro en 4ºB.

Despois de realizarse a avaliación inicial acordouse valorar algún alumnado, especialmente nos grupos de 2º, 3º B e 4º B polo posible desfase curricular que presentan e tomar as medidas que correspondan.

## **2) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ORDINARIAS:**

Entre as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario que contempla o Decreto 229/11 destacamos as seguintes:

1. -Adecuación da programación á contorna e ao alumnado de cada grupo-clase.
2. -Metodoloxía que fomente a aprendizaxe significativa e funcional, promovendo o traballo colaborativo e a participación do alumnado.
3. -Adaptación da metodoloxía, dos tempos e instrumentos de avaliación co alumnado NEE: neste curso contamos con alumnado que presenta NEE asociadas a TDAH, Síndrome de Asperger, Síndrome de Down, Discapacidade Intelectual, para os que teremos en conta todas as orientacións educativas recollidas nos distintos **protocolos elaborados pola Consellería de Educación** ao respecto e que foron difundidos en sesión de CCP polo dpto de orientación aos dptos. didácticos así como o asesoramento sobre distintas estratexias. materiais, modelos de exame e metodoloxía diversa a desenvolver con este alumnado.
4. -Reforzo Educativo para o alumnado con falta de base nesta importante área instrumental e así poder atender, desde o Pº de Individualización da Ensinanza, aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
5. -Programas de recuperación: desenvolto xa no anterior epígrafe desta programación onde no canto de atender á diversidade presente, ofrecerase ao alumnado ademais das actividades alí deseñadas, de fichas voluntarias e de repaso que poderán ter unha gratificación específica extra para contribuir así na motivación e autonomía do alumnado á hora de superar a materia premiando con elo non só a execución dos contidos alí propostos senón tamén o contido actitudinal que conleva o demandar fichas extra de traballo voluntario.

### **3) Medidas organizativas ordinarias:**

## **17. TEMAS TRANSVERSAIS**

Considéranse temas transversais: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional e polo tanto deben traballarse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Temos que promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

A programación docente debe abranguer a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénico e intersexual.

Hai que fomentar medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Desde o departamento de Matemáticas podemos, en concreto, apuntar as seguintes liñas de traballo:

- **Comprensión lectora:** poñerase a disposición do alumnado unha selección de textos sobre os que se traballará a comprensión, cuxo desenvolvemento é crucial á hora de entender textos de tipo histórico, biografías, anécdotas, noticias, artigos de prensa, etc., así como enunciados de problemas de toda índole, facilitando deste xeito a mellora das estratexias de resolución de problemas.
- **Expresión oral e escrita:** os debates na aula e o traballo colabora tivo son, entre outros, momentos a través dos cales o alumnado deberá ir consolidando as súas destrezas comunicativas. Terán que comprender e interpretar os datos que se proporcionan e expresar correctamente as conclusións ás que se chega tras o estudo das cuestións que lle son presentadas.
- **TIC:** o uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe estar presente na aula, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- **Educación en valores:** o traballo colabora tivo permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.
- **Emprendemento:** a sociedade actual demanda persoas que saiban traballar en equipo; por iso, na aula débese impulsar o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común e o respecto ás opinións dos demais.

## 18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

---

Dadas as características excepcionais deste curso vese complicado a realización delas. Se é posible organizarase algunha actividade con xogos Matemáticos ou ben algunha conferencia de interese para o alumnado en colaboración con outros departamentos do Centro.

## 19. PLAN LECTOR

---

**Cursos afectados:** Alumnado da ESO

**Materias do Departamento afectadas :** Matemáticas de 1º a 4º da ESO.

**Tipo de enfoque que se vai a dar á lectura desde o departamento :**

- Adquisición e consolidación do hábito lector e mellora da competencia lectora individual.
- Medio para a consecución das competencias curriculares : axuda na comprensión lectora de problemas (aprender o vocabulario específico das matemáticas )
- Contribución ao desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.
- Fomentar o uso da biblioteca.

#### **Tipo de actividades que se van realizar :**

- Verificación do dominio de técnicas lectoras : fluidez, comprensión , expresión.
- Dominio do vocabulario específico das matemáticas
- Busca de información
- Lectura e resume de a lo menos un libro de lectura matemática proposto polo profesor.
- Elaboración de pequenos traballos : resolución de problemas, traballos de estatística, xeometría.
- Coñecer textos divulgativos relacionados coas matemáticas .
- Tratamento de textos descontinuos : interpretación de gráficos, táboas e diagramas

#### **Materiais e medios de lectura que se empregarán :**

##### **Materiais**

##### **a) Tipo de textos**

- Continuos : descrición, argumentación, exposición.
- Descontinuos: cadros, gráficos, táboas, formularios, follas informativas.

##### **b) Uso**

- Lectura silenciosa , lectura en voz alta, lectura individual y colectiva dependendo da actividade a realizar

##### **c) Producción :**

- Extracción de datos
- Comprensión e expresión
- Reflexión sobre a forma e o contido

##### **Medios e soportes**

- Libros de lectura de Matemáticas
- Fragmentos de libros de interese matemático
- Artigos xornalísticos ou reportaxes que requiran interpretación estatística
- Manexo de páxinas web con actividades matemáticas

Os libros de lectura na ESO do Departamento de Matemáticas que se aconsellarán para ler o presente curso académico 2020/21 son os que se detallan seguidamente:

	TÍTULO	AUTOR/A
<b>1º ESO</b>	El misterio de la pirámide	Ana Alonso



<b>2º ESO</b>	Ernesto, el aprendiz de matemago	Jose Muñoz Santonja
<b>3º ESO</b>	El asesinato del profesor de matemáticas.	Jordi Sierra i Fabra
<b>4º ESO</b>	El gran juego	Carlo Frabetti

## 20. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

---

### Procedemento:

- Corresponde ó departamento formular as necesidades, presentar propostas e introducir cambios (nas distintas reunións deste órgano).
- Realizárase una avaliación global da programación e considerárase a necesidade de introducir as modificacións que se estimen oportunas (disto darase conta na Memoria Final de Departamento).

### Criterios:

- Posta en práctica dos acordos asumidos.
- Validez dos acordos adoptados para:
  - Dar resposta a un caso concreto.
  - Acadar os obxectivos previstos.
- Aparición de necesidades non previstas
- Utilización de recursos humanos e materiais.
- Comprobación (ó finalizar o curso) se os obxectivos e contidos especificados na mesma concordan cos que realmente se lograron alcanzar ou deu tempo a impartir (respectivamente) de unha maneira aceptable.
- Analizar se as reclamacións feitas polos alumnos se puideron atender cos acordos que figuran na programación.

A fonte para establecer os posibles cambios na programación será a Memoria de Final de Curso do departamento.

### **Indicadores**

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29 Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

### REUNIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento de Matemáticas reunirse unha vez ao mes; a hora e día previstos para esta reunión, segundo acordo dos membros do mesmo, será os xoves ás 15:30.

Nela, entre outros puntos que corresponda tratar segundo a orde do día, farase o **seguimento mensual da programación**, para mellorar a coordinación dos grupos dentro dun mesmo nivel.

Ao final de cada trimestre avaliaranse os resultados acadados polo alumnado en cada nivel e grupo e de ser o caso, valoraranse propostas de mellora.

## 21. APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN

---

**APROBADA** a Programación Didáctica do departamento de Matemáticas para o curso 2020/21 polos seus integrantes abaixo sinalados:

Cristina García Gandoy

M<sup>a</sup> Jesús Andrade Expósito

### OBSERVACIÓNS:

En relación ao **Plan de Reforzo** que debe plasmarse na programación, cabe dicir, que na materia de matemáticas, ao repetirse os bloques de contidos e estándares, decidiuse comezar coa programación do curso, iso si, reforzando e adquirindo, cando sexa preciso, aquelas aprendizaxes imprescindibles que non foron impartidas no curso 2019/20 as cales quedaron reflexadas nos informes individualizados do alumnado e das que o Departamento ten constancia.